Palas de Rei I, 1, Maredo, José 65 anos, Julia 48(muller)

- N. -

I,1,

5) Ai, ó manicomio
levouos o da Xesta
que che tén os ollos
com'ònha laverca. A

6) Antonio da Xesta
xa non é formal-e,
debe ser traidor-e
qu'os ollos llo dan-he. B

7) Os mociños de Moredo
tamén Dio-los castigou
por facer tantas bravuras
cando foron a misión A'

8) Os mociños de Moredo
scúsache lles parece mal
onde fixeron fixeron estas bravuras
foi na misión do Carballal A'

---

84. 1) Miña sogra cando reñe
ponse no medio da casa,
/: da patadas ás paredes :/
hasta i-as moscas abrasan. ② V, 1429

\+ 90. 2) O cantar do abiños
é un cantar que nunca acaba
/: empeza co trailalila :/
i acaba co trailalala. ② I 38 a1 I 77

95. 3) Miña mai a mala túa
van xuntas á rëmaría,
a túa vai con lelliño
i a miña vai coa faldriña. ②

99. 4) Miña mai cando reñe
ponse no medio da casa,
dá patadas ás paredes
asta todos escapaban. ②

104. 5) Ben cho dixen, Maruxiña,
qu'eu lavaba no righeiro,
~~como sin~~te no cantar-e conocinte
seguinte polo carreiro. ② V, 1036

Palas de Rei I, 1, Morede, José 65 anos, Julia 48(muller)

I,1,108. 6) O meu amor foi e dixo
que por el que non chorase
/: que non lle dera más pena :/
que non a mortificase. ② I 38 a1